

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DE MIL ESPECIALISTAS MUNDIAIS PARTICIPAN N O CONGRESO EUROPEO DE ECOGRAFÍA ENDOSCÓPICA EURO EUS 2021

**05/03/2021** O servizo de Dixestivo da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, dirixido polo doutor J. Enríque Domínguez Muñoz, está sendo o anfitrión e coordinador dun congreso que, debido á pandemia, se está celebrando online.

O doutor Julio Iglesias García, xefe da unidade de endoscopias xunto cos doutores José Lariño e Daniel de la Iglesia, prepararon un programa moi completo con exploracións ecoendoscópicas dende o Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, Vita Salute San Raffaele University, Milan (Italia), Tel Aviv Sourasky Medical Center (Israel), Rutgers Robert Wood Johnson Medical School. New York (EEUU) e Instituto Ecuatoriano de Enfermedades Digestivas (IECED). Guayaquil (Ecuador).

Ademáis, especialistas de recoñecido prestixio participan con ponencias dende Italia, Holanda, Canadá, EEUU y, por supuesto, España.

**Saúdos,**